

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 17 DE ABRIL DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Salceda de Caselas do treito comprendido entre o punto quilométrico 0+000 e o punto quilométrico 0+350 do vial provincial EP-2505 Salceda-Caldelas.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes de contratación e procedementos de adxudicación de contratos de servizos e subministracións e sobre a continuación da execución dos contratos de servizos e subministracións no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba o Proxecto Sectorial de ampliación do Parque tecnolóxico e loxístico de Vigo.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Apoio a Personas con Diversidad Intelectual (Aceesca), para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de catorce mil novecentos cincuenta e dos euros (14.952,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia (Amigos) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

provincia da Coruña, polo importe máximo de doce mil oitocentos dezaseis euros (12.816,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 3 de agosto de 2016 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación A Esperanza do Val Miñor para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de catorce mil novecentos cincuenta e dos euros (14.952,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer-Aspace) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados en dous centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de vinte e un mil trescentos sesenta euros (21.360,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Ourense, polo importe máximo de catro mil douscentos setenta e dous euros (4.272,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de dous mil cento trinta e seis euros (2.136,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de novembro de 2016 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de oito mil cincocentos corenta e catro euros (8.544,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 20 de setembro de 2019 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (Aspaber), para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados no centro de Aspaber radicado en Carballo, A Coruña, polo importe máximo de seis mil catrocentos oito euros (6.408,00 €).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral-A Coruña (Aspace), para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de doce mil oitocentos dezaseis euros (12.816,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados en catro centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de cincuenta e un mil corenta e cinco euros con seis céntimos (51.045,06 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 1 de decembro de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de oito mil novecentos setenta e un euros con vinte céntimos (8.971,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de vinte e tres mil novecentos vinte e tres euros con vinte céntimos (23.923,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Fundación Menela para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezaseis mil douscentos trinta e tres euros con sesenta céntimos (16.233,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado discapacitado no Centro de Educación Especial HC San Rafael de Vigo, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40 €).



INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a situación dos contratos de servizos e subministracións promovidos pola Xunta de Galicia en 2020.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as medidas extraordinarias adoptadas en materia de protección e benestar dos animais de compañía abandonados, en relación á crise sanitaria polo COVID-19.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a nova liña de préstamos para autónomos e pemes ante o COVID-19.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe sobre cesión de equipamento informático e de conectividade ao alumnado do ensino non universitario.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a contratación polo trámite de emerxencia de diversos materiais de protección destinados a profesionais e doentes e test de detección de virus, para facer fronte á pandemia do COVID-19, por importe de tres millóns catrocentos vinte e sete mil douscentos dez euros con corenta e nove céntimos (3.427.210,49 €).
- Informe sobre o Estudo de seroprevalencia en Galicia en relación co virus SARS-CoV-2: protocolo para a organización asistencial.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA O MUNICIPIO

- *Trátase do treito inicial da 350 metros da EP-2505 ao seu paso polo núcleo urbano*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais*
- *O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Salceda de Caselas dun treito da estrada provincial EP-2505 ao seu paso polo núcleo urbano do municipio.

O concello solicitou á Deputación Provincial de Pontevedra o cambio de titularidade do treito inicial da estrada que une Salceda de Caldelas, entre os puntos quilométricos 0+000 e 350. Esta petición dá cumprimento ao previsto nun convenio asinado entre as dúas administracións.

A Administración provincial acordou aprobar o cambio de titularidade proposto, polo que emite informe favorable para a transferencia dos 350 iniciais da vía EP-2505 e solicita o cambio de titularidade desta estrada á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello de Salceda de Caselas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello pontevedrés terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Goberno galego producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á súa publicación no DOG mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre o Concello de Salceda de Caselas e a Deputación Provincial.

A XUNTA CONTINUARÁ A TRAMITACIÓN DO 100% DE CONTRATOS DE SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓN QUE ESTABAN EN EXECUCIÓN

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe dar continuidade a máis de 1.100 procedementos, que suman un investimento duns 413 millóns de euros*
- *Deste total, 675 estaban en execución antes da declaración do Estado de Alarma e outros 434 estaban licitados ou pendentes de licitar*
- *A Administración autonómica toma esta medida, ao igual que fixo coa continuación das obras públicas, para manter o funcionamento dos servizos públicos dentro das restricións vixentes e prepararse para cando se levanten as limitacións*

O Consello da Xunta acordou hoxe dar continuidade a máis de 1.100 contratos de servizos e subministración que suman, en total, un importe duns 413 millóns de euros. En concreto, seguiranse o 100% dos procedementos que estaban xa en execución antes da declaración do Estado de Alarma -un total de 675-; e deuse a consideración de esencial a outros 434 que estaban licitados ou pendentes de licitación.

Así se acordou esta mañá, tras avaliar un informe no que se daba conta da totalidade de contratos de servizos e subministración de todos os departamentos da Xunta. A semana pasada xa se avaliara un informe na mesma liña, pero referido a obra pública, e que supuxo reactivar 508 obras, por un valor aproximado de 300 millóns de euros.

En concreto, segundo o acordado hoxe, continuarán a súa tramitación un total de 1.109 contratos de servizos e subministración, que supoñen un investimento duns 413 millóns de euros, máis do 95% do total previsto para este fin en 2020. En concreto, 675 estaban en execución, 179 licitados e 255 pendentes de licitar.

Cómpre lembrar que a declaración do Estado de Alarma supuxo a suspensión dos termos e prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, pero prevía a posibilidade de que os órganos competentes puideran acordar, mediante resolución motivada, as medidas necesarias para evitar prexuízos graves. Así, o Consello da Xunta considerou hoxe que en todos os procedementos que estaban en execución concorre causa de xustificación para a súa continuidade, mentres que no caso dos restantes que tamén se reactivan considérase que tamén son indispensables para a protección do interese xeral e para o correcto funcionamento dos servizos públicos.

Ademais, cómpre ter en conta que a Xunta tamén tomou as medidas necesarias para impulsar a tramitación interna de inicio, impulso, ordenación e instrución necesarias de todos expedientes de contratación, en tanto tamén resulta de interese xeral continuar con estes procedementos no caso de que posteriormente sexan considerados esenciais polo Consello da Xunta e/ou para evitar acumulacións de traballo cando se levanten as restricións.

A Administración autonómica adoptou tamén un acordo polo que as mesas de contratación poderán celebrar as súas reunións a distancia, empregando medios electrónicos que garantan a identidade dos membros da mesa asistentes, o contido das súas manifestacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

e o momento en que estas manifestacións se producen, a interactividade e a intercomunicación entre os membros da mesa en tempo real, así como a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. No caso das actuacións das mesas de contratación que deban realizarse en acto público, proporcionarase acceso virtual ao correspondente acto público ás persoas interesadas que así o soliciten.

Así, con todas estas medidas, a Xunta está a emprender as accións necesarias para manter a actividade da Administración autonómica durante as restricións do Estado de Alarma pola epidemia de coronavirus co obxectivo de conseguir un correcto funcionamento dos servizos esenciais e estar en condicións de retomar a actividade coa maior axilidade posible en canto se levanten as limitacións actuais.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL QUE PERMITIRÁ A AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO DE VIGO

- ***A superficie da ampliación acadará os 252.484 metros cadrados***
- ***Este proxecto foi un dos que se incluíu na modificación de 2018 do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou definitivamente esta mañá o proxecto sectorial que fará posible a ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (PTL) presentado polo Consorcio da Zona Franca, que será tamén a entidade encargada do seu desenvolvemento. Con este trámite facilítase a ampliación desta área empresarial nunha superficie total de 252.484 metros cadrados, cunha edificabilidade máxima de 164.461 m².

A ampliación do PTL é posible grazas á modificación do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta o 29 de novembro de 2018. Na mesma cambiouse a configuración da ampliación do PTL, que inicialmente estaba prevista en tres espazos descontínuos e pasou a formar un único espazo, eliminando parte dos inicialmente previstos e engadindo outros novos, co fin de mellorar o resultado final da ampliación.

Con este proxecto incrementarase a concentración dunha serie de empresas de diversos sectores produtivos que contribuirán ao desenvolvemento económico e social da comunidade autónoma e moi especialmente, da comarca de Vigo. De feito, a zona de influencia da intervención excede os límites municipais da cidade olívica, o que se traduce na existencia dun interese público xeral que foi precisamente o que motivou a súa inclusión entre as recollidas no Plan Sectorial e que se desenvolva a través dun proxecto sectorial.

Posición estratéxica

Os solos que van formar parte da ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico sitúanse no termo municipal de Vigo, concretamente entre as parroquias de Beade e Valadares. O aeroporto de Peinador atópase a 10 km do ámbito, o Porto de Vigo a uns 8 km e a fronteira con Portugal a 26 km.

En canto ao emprazamento da área de expansión do PTL, ten unha posición estratéxica ao estar nunha situación privilexiada respecto ao viario que articula a área metropolitana viguesa. Deste xeito, conecta ao norte co segundo cinto de Vigo (VG-20). A menos dun quilómetro de distancia a VG-20 conéctase coa Autovía do Val Miñor (AG-57) e a uns 3 quilómetros do PTL atópase a ligazón coa Autoestrada do Atlántico (AP-9), que á súa vez conecta coa Autovía A-55, que une Vigo con Portugal, e a Autovía das Rías Baixas (A-52), que comunica a cidade con Ourense – Benavente.



EMPRAZAMENTO DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO





CAMBIOS REALIZADOS NO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS
EMPRESARIAIS DE GALICIA

DELIMITACIÓN DO PSOAEG
Superficie = 255.365 m²



DELIMITACIÓN PROPOSTA
Superficie = 252.484 m²



EDUCACIÓN RENOVARÁ A COLABORACIÓN CON 14 ASOCIACIÓN PARA FACILITAR O COMEDOR ADAPTADO A 478 ESTUDANTES CON DISCAPACIDADES

- ***O investimento ascende a máis de 200.000 euros***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, renovará os convenios de colaboración con 14 entidades dedicadas á atención de alumnado con discapacidade co fin de contribuír ao financiamento da prestación do servizo de comedor adaptado durante o curso 2020/2021. O investimento total ascenderá a 203.555,46 euros e desta actuación beneficiaranse 478 alumnas e alumnos.

As entidades coas que se renova a colaboración, segundo o aprobado hoxe polo Consello da Xunta son a Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual (Aceesca), Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia (Amicos), Asociación A Esperanza do Val Miñor, Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer-Aspace), Asociación Autismo Ourense, Asociación Nuestra Señora de Chamorro, Asociación San Xerome Emiliani, Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (Aspaber), Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral-A Coruña (Aspace), Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), Fundación Menela e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo.

Ao abeiro desta colaboración, as devanditas asociacións comprométese a facilitar ao alumnado discapacitado a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o fin das clases e o remate do servizo de comedor. Cómpre salientar o carácter didáctico que para estas persoas supón un comedor escolar, no referido á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

A Consellería compensará cada trimestre ás entidades e asociacións polos gastos derivados da colaboración mutua na prestación do servizo de comedor escolar, coa cantidade global que resulte de multiplicar 2,40 euros ou 2,37 euros (en función do número de usuarios) polo número de días da prestación efectiva de comedor e polo número de alumnas/os con discapacidade escolarizados por ditame de Administración Educativa.

Estes acordos enmárcanse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente.



A XUNTA CONTRATARÁ O SUBMINISTRO INMEDIATO DE ALIMENTOS AOS CENTROS AUTORIZADOS PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS QUE XESTIONAN ENTIDADES PROTECTORAS

- ***A medida quiere garantir que as 15 instalacións deste tipo que hai en Galicia poidan afrontar a actual diminución de ingresos e o aumento das estadías medias dos animais provocado pola crise do COVID-19***
- ***O procedemento de contratación, que se tramitará con carácter de emerxencia, incluirá a adquisición do alimento necesario para cubrir as necesidades de cada caso, así como a loxística necesaria para realizar a súa entrega en cada un dos centros identificados***

A Xunta contratará o subministro inmediato de alimentos a todas as Asociacións de Protección e Defensa dos animais debidamente rexistradas que xestionen nestes momentos algún centro autorizado para a recollida de animais abandonados na comunidade. Son, en total, 15 entidades protectoras que se ocupan á súa vez doutras tantas instalacións de acollida e para as que a actual crise sanitaria provocada polo COVID-19 está a supoñer un importante contratempo desde o punto de vista económico.

Así consta nun informe que foi presentado hoxe ante o Consello da Xunta e no que se xustifica a oportunidade de facilitar na situación actual o labor deste tipo de entidades de protección e benestar animal, garantindo a cobertura das necesidades mínimas dos animais abandonados aos que acollen e coidan.

Cómpre ter en conta que unha porcentaxe importante dos ingresos destas asociacións e, por tanto, da xestión dos centros de recollida dos que se encargan, procede da realización de eventos e actividades incompatibles coas medidas de confinamento vixentes. Ademais, o estado de alarma decretado polo Real decreto do 14 de marzo está a provocar unha diminución das posibles adopcións, incrementándose deste xeito os tempos de estadía dos animais nas instalacións e, indirectamente, tamén os custos de alimentación.

Ante esta situación e tras contactar con responsables deste tipo de entidades en Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda propón iniciar un procedemento de contratación, con carácter de emerxencia, para o subministro inmediato de alimento ás 15 Asociacións de Protección e Defensa dos animais debidamente rexistradas que xestionan outros tantos centros autorizados de recollida na comunidade autónoma.

O contrato contemplará a adquisición dos alimentos necesarios para cubrir por un período mínimo dun mes as necesidades dos animais presentes nestes centros, así como a loxística para proceder á súa entrega en cada un deles.

Concretamente, subministrárase ás instalacións alimento comercial seco, específico para aos cachorros e os animais adultos das especies canina e felina, e cunhas condicións óptimas de calidade que garantan o correcto desenvolvemento e mantemento dos animais aloxados nos centros de recollida.

A distribución realizarase de xeito proporcional, é dicir, en función do número de ingresados que haxa actualmente en cada unha das instalacións, e de acordo cos datos que consten nos libros de rexistro oficial e coa declaración responsable aportada por cada un dos representantes das entidades que se encargan da súa xestión.

O procedemento de contratación, do que xa foi informado o pasado martes o Centro de Coordinación Operativa (Cecop), iniciárase con carácter de emerxencia pero respectando os prazos mínimos necesarios para o cumprimento da Lei de Contratos do Sector Público. O importe estimado do mesmo é de 18.145 euros.

Centro inscritos no Reganuz

Nestes momentos hai inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz) un total de 31 centros de recollida de animais abandonados: 12 na provincia da Coruña, nove en Pontevedra, seis en Ourense e catro en Lugo.

Tendo en conta o seu modelo de xestión, oito deles están dirixidos por entidades locais e por tanto, os seus gastos de funcionamento están incluídos nos orzamentos anuais municipais; outros oito centros son de xestión empresarial, de tal xeito que o seu financiamento depende dos servizos prestados a diferentes entidades municipais ou aos propietarios dos animais aos que atenden. As 15 instalacións restantes están xestionadas por entidades de protección e defensa dos animais que contan con fontes de ingreso máis variables e limitadas, como as axudas e achegas realizadas polos servizos prestados a concellos, as doazóns de particulares, as aportacións dos seus socios e, en gran medida, os ingresos recadados durante a realización de eventos e actividades propias como feiras.

Atendendo ao anterior, a Xunta estima necesaria a contratación urxente do subministro de alimento a estas 15 entidades co fin de facilitar o seu labor, garantindo a cobertura das necesidades mínimas dos animais ao seu cargo, e como un recoñecemento ao traballo que desenvolven, facilitando en moitos casos a xestión dos concellos, que teñen a obriga de recoller e atender aos animais abandonados, e apoiando nestes momentos a aqueles cidadáns enfermos ou positivos por COVID-19, que precisan da súa colaboración desinteresada para atender ás súas mascotas.



O PROGRAMA DA XUNTA PARA ACHEGAR LIQUIDEZ A PEMES E AUTÓNOMOS RECIBIU XA MÁIS DE 1400 SOLICITUDES PARA PRÉSTAMOS POR 106M€

- ***O Consello da Xunta analiza a demanda dos apoios que ofrece esta iniciativa á que destina 30 millóns de euros coa previsión de mobilizar 250 millóns para paliar os efectos do coronavirus na economía***
- ***Na provincia da Coruña presentáronse máis da metade das solicitudes, mentres que Pontevedra representa máis do 27%***
- ***Por sectores, destaca o comercio, cunha de cada cinco peticións, seguido polos servizos de comidas e bebidas, a construción e o transporte terrestre***
- ***A iniciativa facilita ata 200.000 euros por negocio para atender as necesidades máis inmediatas, como pago de salarios, alugueiros ou impostos***
- ***Os beneficiarios teñen ata catro anos para amortizar os préstamos, dos que a Xunta asume o 100 por cento dos xuros***

Un total de 1429 autónomos e pemes galegas xa presentaron as solicitudes para acollerse ás axudas da nova liña de avais activada pola Xunta co obxectivo de inxectar liquidez ao tecido produtivo galego para que poida facer fronte ás consecuencias provocadas na súa actividade empresarial pola situación de emerxencia sanitaria do COVID-19. Como vén de analizar hoxe o Consello da Xunta, os apoios demandados ata o momento, de cumprir os requisitos da convocatoria, permitirían a concesión de 106 millóns de euros en préstamos para que as empresas e o colectivo autónomo de Galicia atendan as necesidades máis inmediatas, como o pago de salarios, facturas, alugueiros ou impostos.

Cumpridas as dúas primeiras semanas desde que se abriu a convocatoria, con máis da metade das solicitudes, o 52,8% do total, A Coruña é a provincia galega na que un maior número de autónomos e pemes tramitaron as axudas. Séguelle a provincia de Pontevedra, co 27,6%. A continuación, sitúanse as provincias de Lugo, co 12,3%; e Ourense, onde os profesionais e empresarios que solicitaron apoios representan o 6,7% do total da comunidade.

Por sectores, destaca o comercio por xunto e retallista, con 321 solicitudes, é dicir, o 22,4% do total. Con 169 -o 11,8%- , son os autónomos e pemes dos servizos de comidas e bebidas os que se atopan en segundo lugar na demanda de axudas desta liña. Séguelles a construción, con 105 solicitudes, un 7,3% do conxunto. Mentres, o transporte terrestre representa o 4,6% do total.

O Goberno galego activou esta liña específica para contribuír a paliar os efectos do coronavirus no tecido empresarial galego. Cunha dotación de 30 millóns de euros, prevé facilitar a mobilización de 250 millóns de euros en préstamos e avalará entre 3000 e 200.000 euros de importe por cada negocio. Os beneficiarios disporán de prazos de amortización de ata catro anos con 12 meses de carencia, cun máximo dun 1,5 por cento de xuros, que serán bonificados ao cento por cento pola Xunta, facéndose así cargo deles.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Este programa instrumentase a través dun convenio de colaboración da Xunta de Galicia no que participan as sociedades de garantía recíproca (SGR) Afigal e Sogarpo. Con este acordo, o Igape reavala a cobertura das SGR nun 25%, polo que o límite da garantía conxunta –sumada á que ofrece o Estado a través do Cersa– acada o 80% das operacións acometidas.

Para solicitar estas axudas, os interesados deben realizar os trámites de xeito telemático a través da web <http://www.tramita.igape.es>, onde se indica cal é a documentación que debe acompañar o formulario de petición. O Igape remite as solicitudes ás entidades financeiras e as SGR e, cando estas aceptan a concesión do aval e o préstamo, o Igape autoriza a formalización. Unha vez que o beneficiario dispoña do préstamo e presente a xustificación correspondente, o Igape aboa nun só pago a axuda.



A XUNTA REFORZA A EDUCACIÓN EN LIÑA PARA AS FAMILIAS CON MENOS RECURSOS COA DISTRIBUCIÓN DOUTROS 1.750 NOVOS EQUIPOS E CONEXIÓN GRATUÍTA Á REDE

- **Con este novo lote, elévase a 2.750 o número total de kits de equipamento dixital – compostos por un terminal, router e liña de datos de balde– repartidos para facilitar o seguimento da actividade educativa**
- **A acción, dirixida a alumnado de Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional, enmárcase nas medidas da Administración autonómica para o ámbito educativo durante o período de suspensión das clases por mor do COVID-19**

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), vén de reforzar a educación á distancia cun novo lote de 1.750 equipos e conexión a internet que serán distribuídos entre as familias con menos recursos que teñen escolarizados aos seus fillos en centros públicos.

Con este novo envío -que se engade aos 1.000 kits informáticos xa distribuídos polos centros escolares nos días pasados- elévase a 2.750 o número total de equipos para asegurar a conectividade ao alumnado que presenta maiores dificultades no acceso ao ensino en liña.

A medida vai dirixida ao alumnado de Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional que, a través dos seus centros de ensino, recibirá os equipos en préstamo. Trátase dun pack formado por un ordenador ultraportátil idéntico aos empregados polo alumnado no proxecto de Educación Dixital E-Dixgal, xunto cun kit que permite a súa conexión gratuíta á rede (grazas á colaboración dos operadores Orange, Vodafone e R; e do Ministerio de Educación con Telefónica) mediante un router wifi 4G xunto coa correspondente liña de datos 4G.

Criterios de reparto

Esta segunda entrega distribuirase ao longo da vindeira semana entre aqueles centros que, en atención ás necesidades detectadas, solicitaron expresamente un número de packs superior aos tres que inicialmente lle foran asignados no primeiro envío. Agora farase fincapé nos centros que imparten Bacharelato, dotándoos segundo o número de alumnos matriculados nesta etapa.

Nos criterios xerais de reparto, ademais da situación socioeconómica das familias e da non disposición de ordenadores nin de conexión a internet nos seus fogares, terán prioridade os alumnos dos cursos de final de etapa que titulen (4º da ESO, 2º de BACH e 2º de FP).

A Xunta de Galicia distribuirá estes kits de equipamento informático a través do centro de loxística da Amtega nos centros educativos e serán os equipos directivos os que determinarán as familias beneficiarias.

Balance

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

No que respecta ao primeiro lote informático para atender ás familias con menos recursos durante o período de suspensión das clases por mor do COVID-19, foron entregados un total de 997 equipos e kits de conexión á rede en 333 centros escolares de toda Galicia.

A meirande parte dos equipos (o 70% do total) foron para alumnado de ESO; mentres que un 20% foi para alumnado que cursa Bacharelato, un 7% para alumnado de Formación Profesional, e o resto para alumnado de Ensinanzas de Adultos.

No relativo ao novo servizo de videoconferencias para profesorado e alumnado, na primeira semana de uso producíronse 45.000 reunións virtuais, nas que participaron máis de 135.000 docentes e alumnado.

Así mesmo, cómpre subliñar que na semana previa ás vacacións de Semana Santa, máis de 260.000 familias accederon á app AbalarMobil para consultar as cualificacións da segunda avaliación dos seus fillos, cun pico de 217.000 usuarios o venres día 3 de abril.

Tamén se puxo á disposición da comunidade educativa o espazo de Servizos Dixitais Educativos, no que xa están dispoñibles 8 videotutoriais sobre as cuestións máis demandadas sobre o uso dos ditos servizos: 5 sobre o uso das aulas virtuais por parte do profesorado, 2 sobre o uso do servizo de videoconferencia por parte do profesorado e do alumnado, 1 sobre o uso do servizo de comunicación ás familias e alumnado por parte do profesorado. Nestes 15 días que levan dispoñibles, estes videotutoriais recibiron unhas 35.000 visualizacións e destaca o de uso do servizo de videoconferencia por parte do profesorado con máis de 9.000 visualizacións.

Todas estas accións forman parte do paquete de medidas posto en marcha pola Administración Autonómica no ámbito educativo co fin de reforzar e ampliar os recursos online durante período de suspensión das clases por mor do COVID-19.

O obxectivo é facilitar o seguimento do curso escolar diante da situación de emerxencia sanitaria que estamos a vivir. Neste sentido, a prioridade da Administración autonómica é garantir a docentes, alumnado e familias un apoio inmediato en forma de dispoñibilidade de ferramentas tecnolóxicas para que poidan seguir traballando en liña nas súas casas.



SANIDADE INVISTE 3,4 MILLÓNS DE EUROS EN EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E TEST DE DETECCIÓN PARA LOITAR CONTRA O CORONAVIRUS

O Consello da Xunta aprobou un investimento de 3.427.210 euros, para a contratación, polo trámite de emerxencia, de diversos materiais de protección destinados a profesionais e pacientes, así como test de detección do virus, para facer fronte á pandemia do COVID-19.

O obxecto desta iniciativa é efectuar a cuarta compra de materiais considerados imprescindibles, tales como os equipos de protección individual (máscaras respiratorias, batas de alta protección/impermeables), máscaras cirúrxicas, solucións desinfectantes luvas, así como test de detección, logo da compra que autorizou a semana pasada o Consello da Xunta por 8,2 millóns, ademais das realizadas en anteriores consellos por importes de 5,1 millóns de euros e 6,7 millóns de euros.

En concreto, este investimento que supera os 3,4 millóns de euros, supón unha compra de 538.100 unidades de máscaras cirúrxicas, 775.012 batas de protección/impermeables; 161.600 máscaras respiratorias (N95, FFP2 e FFP3); 23.040 litros de solución desinfectante de mans; 66.400 litros de solución desinfectante de superficies; 66.500 test rápidos de detección de COVID-19; 65.000 medios de transportes para virus e hisopos para COVID-19, e 100.000 luvas.

O Goberno galego subliña que os protocolos para a protección dos profesionais na presente crise sanitaria provocada polo coronavirus establecen a necesidade, en determinadas intervencións, do uso de equipos de protección individual, tales como batas de protección, máscaras respiratorias FFP2/3 e luvas de exame, xunto con solución hidroalcohólica desinfectante de mans e máscaras cirúrxicas para os pacientes con probable ou patoloxía confirmada. Ademais, cos test rápidos para a detección do virus, poderase mellorar o cribado na poboación.



SANIDADE REALIZARÁ UN ESTUDO ESTATÍSTICO SOBRE A INMUNIDADE DO CORONAVIRUS NA POBOACIÓN GALEGA

- **Realizaranse máis de 100.000 tests a persoas elixidas aleatoriamente**
- **O obxectivo é ter un maior coñecemento da incidencia da infección que será clave para poder tomar as medidas sanitarias e de confinamento axeitadas**
- **Está previsto que se poña en marcha a finais deste mes de abril**

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou hoxe ao Consello da Xunta da realización dun estudo estatístico sobre a prevalencia da inmunidade fronte ao COVID-19 na poboación galega. Conta cun orzamento de 1.050.000 euros. O obxectivo deste estudo é coñecer de xeito profundo a pandemia, para poder tomar as medidas sanitarias e de confinamento axeitadas.

Para a elaboración deste estudo, a consellería de Sanidade realizará algo máis de 100.000 test de inmunidade, nunha mostra de galegos e galegas elixidos aleatoriamente. O Instituto Galego de Estatística será o encargado de determinar o tamaño da mostra necesaria para que os resultados sexan representativos por grupos de comarcas e para as sete grandes cidades: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e Vigo.

Así, ao longo da primeira semana, vaise realizar unha primeira onda da mostraxe con 50.925 persoas e catro semanas despois, ao longo doutra semana, recolleranse mostras a outras 50.925 persoas. A poboación obxecto de investigación son as persoas con tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde. Entre todas elas elixiranse aleatoriamente aos participantes no estudo diferenciados por sexo, idade, grandes concellos e áreas territoriais.

O Sergas encargárase da realización dos test e da recollida de información. O Instituto Galego de Estatística enviará o listado de persoas seleccionadas a cada área sanitaria. Deste xeito, cada centro de saúde terá asignada unha poboación concreta para estudar, coa que contactará telefonicamente para facer unha breve enquisa.

As persoas que entren no estudo daráselles unha cita para que acudan ao seu centro de saúde para tomarlles a mostra mediante unha punción dixital para introducir nun medio reactivo que indicará se esta persoa tivo algún tipo de contacto co virus. Nos casos en que a persoa se encontre encamada, o persoal do centro desprazarase ata o seu domicilio

Os resultados comunicaranse no mesmo día proba mediante unha chamada telefónica co fin de evitar unha espera innecesaria no centro de saúde e quedarán reflectidos na historia médica da persoa. A intención é que este proceso sexa o máis breve posible. Está previsto que o estudo se poña en marcha a finais deste mes de abril.